



Informe-memoria de xestión

da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) no período interasemblar 2023-2024

Na Asemblea Xeral Ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) de 2023, que tivo lugar o 4 de marzo en Santiago de Compostela, aprobáronse por unanimidade as [liñas de acción da asociación para o período interasemblar 2023-2024](#).

O plan de acción aprobado **non se cumpriu na súa totalidade**; foi necesario dar prioridade ás accións máis asentadas ou con certa urxencia. Desenvolvéronse accións de **xestión cotiá da asociación** (defensa de intereses dos/das traballadores/as de normalización da lingua e información sobre convocatorias, tanto no marco do proceso de estabilización do emprego temporal coma doutros procesos) e as que supuñan continuidade dos anos anteriores (formación, LGx15, Agasallo e Premios Mil Primaveras). Respecto de **Agasallo**, a novidade deste ano foi que se asinou un convenio coa asociación PuntoGal para realizar sorteos mensuais de lotes de produtos, alén de continuar coa nosa divulgación habitual de produtos nas redes sociais. Finalizouse a cuarta edición dos **Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego** e convocouse a quinta. E organizamos a novena edición do **LGx15**, que se trasladou ao Teatro Principal de Pontevedra.

Houbo outras **actividades** que quedaron **pendentes**: non se modificou o web da CTNL, aínda que si se enviou unha consulta aos socios para saber a súa opinión sobre cambios no web e outras actividades; non se organizou un acto lúdico; tampouco se lle propuxo á Xunta a creación de bolsas de estadias noutras comunidades onde se traballe no proceso de normalización lingüística, nin se chegou a contactar coas universidades para lograr unha maior difusión entre o alumnado das posibilidades profesionais como técnicos/as de normalización lingüística ou para pedirles que retomen ou inicien colaboracións con SNL co fin de que o alumnado poida facer prácticas e coñecer mellor este ámbito de traballo.



En definitiva, desenvolveuse unha actividade de continuidade, dentro das posibilidades e dos recursos materiais e humanos, para procurar mellorar o traballo a prol da lingua e a formación e as condicións das traballadoras e traballadores.

Accións para o cumprimento dos fins da asociación

1. **Defender os intereses xerais dos traballadores e das traballadoras de normalización lingüística de Galiza e a dignidade das condicións de traballo dos servizos lingüísticos.** As accións máis salientables que se desenvolveron nesta área foron as seguintes:

- Difundíronse no web, a través do boletín e nas redes sociais, as **convocatorias de prazos** de técnico/a de normalización lingüística ou similares que se publicaron durante o ano (unha praza definitiva no Concello de Vilagarcía de Arousa, outra de tradutor/a interino/a na Deputación Provincial de Pontevedra e diversos anuncios dos prazos de inscrición nas convocatorias ao abeiro da Lei 20/2021¹), así como as **convocatorias de subvencións** para a creación, mantemento e reforzo de SNL (deputacións da Coruña e Pontevedra e Xunta de Galicia).
- Fixéronse **solicitudes e alegacións** na procura de mellorar as condicións laborais dos/das traballadores/as de normalización da lingua e, en xeral, o traballo a prol da lingua desde as administracións:
 - En marzo presentamos alegacións á modificación da relación de postos de traballo do Concello de Culleredo, que converteu a praza de técnico/a de normalización lingüística en técnico/a de cultura con só tres funcións relacionadas coa normalización lingüística. Finalmente, o Concello non tivo en conta a nosa alegación.
 - En outubro diriximos un comunicado aos concellos da Mancomunidade de Ferrol lamentando a supresión do servizo e pedindo que se recupere.
- Ante a publicación no BOP de Pontevedra do 14 de marzo de 2023 do Plan de formación continua da Deputación de Pontevedra, que incluía un curso sobre dinamización lingüística na Administración local, solicitóuselle á Deputación Provincial de Pontevedra que valorase a posibilidade de abrir a técnicos/as de

¹ Na actualidade, segundo os nosos datos, queda por abrir o prazo de inscrición nas prazas das seguintes entidades: Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes e Concello de Ourense.



normalización lingüística doutras entidades locais e provincias, a socios/as da CTNL e a estudantes. Non foi posible, dado que as bases non o permitían.

- Fíxose un **seguimento das axudas convocadas polas deputacións provinciais e a Xunta en materia de normalización lingüística.**

As [axudas da Deputación da Coruña](#) convocáronse o 10 de xaneiro de 2023, resolvéronse provisionalmente en abril, modificáronse en xuño e en setembro chegou a desestimación de varias das axudas concedidas inicialmente, porque as entidades non xustificaron que eran postos estruturais. Esta última decisión afectou os concellos da Coruña, A Pobra do Caramiñal, Ferrol e Negreira e á Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol. Concedéronse axudas de ata 15 000 euros para o mantemento de 22 SNL. Na [convocatoria de 2024](#), publicada en outubro de 2023, non é requisito que o posto sexa estrutural, requisito que dificultaba a creación de novos SNL.

As [axudas da Deputación de Pontevedra](#) convocáronse o 2 de febreiro de 2023 e resolvéronse en xuño. A pesar de que se aumentaron as contías tanto para o mantemento e reforzo como para a creación de SNL, non se creou ningún SNL novo en ano electoral. Concedéronse axudas de 25 000 euros para o mantemento de cinco SNL. Por outra parte, desde 2021 a Deputación de Pontevedra separou as axudas á creación, mantemento e reforzo de servizos das correspondentes a actividades (34 axudas concedidas a entidades locais), de forma que os concellos con SNL poden concorrer ás dúas convocatorias.

En xaneiro de 2024 mantivemos unha xuntanza con representantes da Deputación de Pontevedra interesándonos polas axudas para SNL e para actividades logo do cambio de Goberno do órgano provincial. Transmitíronnos que as axudas para SNL continuarán no mesmo formato ca no ano anterior e suxerimos cambios nas axudas para actividades co fin de perfilalas mellor para que cheguen a verdadeiras campañas de promoción da lingua.

As [axudas da Xunta](#) convocáronse o 17 de marzo de 2023 e resolvéronse en xullo. Concedéronse axudas para o mantemento de 28 SNL. Tamén se concederon 40 axudas para actividades de dinamización lingüística en concellos sen SNL.



2. Promover a formación continua no eido da normalización lingüística

Nas liñas de acción aprobadas figuraba a realización dalgún curso organizado directamente pola CTNL. Escolleuse un curso titulado **Os SNL como centros xestores de recursos públicos**.

- **Os SNL como centros xestores de recursos públicos**
 - Datas: 6, 9 e 14 de novembro
 - Duración total: 20 horas
 - Lugar: Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela
 - Participación: 15 alumnas/os
 - Docente: **Mónica Legaspi Díaz**, interventora xeral da Deputación Provincial de Ourense. É licenciada en Ciencias Económicas e en Dereito con ampla experiencia docente na área da xestión pública, tanto nas universidades de Santiago de Compostela e Vigo como para a EGAP, a INAP, a Fegamp, a AGASP e diferentes concellos e deputacións.
 - Valoración: esta actividade formativa foi ben valorada polo alumnado. Entre os detalles para mellorar, botouse en falta máis duración ou máis tempo para consultar o material proporcionado.
 - Colaboraron: a Secretaría Xeral de Política Lingüística no financiamento e a Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela na cesión da aula.

ESPAZOS DE COLABORACIÓN E ENCONTROS

- Colaborouse cos **XXV Encontros para a normalización lingüística. Economía, lingua e sustentabilidade**
 - Lugar e datas: tiveron lugar nun formato mixto, con tres entrevistas previas á sesión presencial, realizadas por Fran da Lobeira e Café Derby 21 e emitidas a través das redes sociais do Consello da Cultura Galega e dos propios entrevistadores. A sesión presencial tivo lugar o 17 de outubro consistiu en catro mesas de debate.
 - Organizou: Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG) do Consello da Cultura Galega
 - Colaborou: Secretaría Xeral de Política Lingüística

3. Accións de promoción da lingua e de transmisión de ideas:

- **LGx15. Ideas para o futuro da lingua (<https://lgx15.gal/>)**

Experiencias, argumentos, opinións, propostas, palabras, reflexións... Ideas!

A novena edición do LGx15 trasladouse a Pontevedra e tivo lugar no Teatro Principal coa colaboración do Concello. Tivo lugar o **28 de outubro de 2023** e a **difusión dos vídeos** realizouse **entre o 19 e o 28 de decembro de 2023**.

Interviñeron **seis persoas** para transmitir, a través de cadansúa charla, ideas e reflexións para influír no uso e prestixio do galego e/ou nas actitudes e comportamentos lingüísticos.

- Participantes do LGx15 de 2023: **Paco Veiga, Carlos Airas, Magdalena Sánchez, Kiko da Silva, Fran da Lobeira e Neves Rodríguez**, que ademais conduciu o acto. Contou tamén coa actuación musical de **Xiao Berlai**.

No financiamento deste proxecto, coma noutras edicións, colaborou a **Secretaría Xeral de Política Lingüística** grazas ao convenio anual que asinamos coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. O **Concello de Pontevedra** colaborou coa cesión do Teatro Principal e cos recursos técnicos para o directo. E, por primeira vez, contou tamén con **colaboración privada**, pois **Deleite** participou tamén cunha pequena achega económica.

- **Agasallo. Propostas de regalos en galego**

O proxecto Agasallo, que compila e difunde propostas de regalos en galego de todo tipo, para todos os gustos e idades, continuou durante todo este ano nas redes sociais [Facebook](#), [Twitter](#) e [Instagram](#).

En marzo de 2023 a CTNL asinou un [convenio de colaboración coa asociación Puntogal](#) para traballarmos conxuntamente na **difusión de produtos en galego** por medio do proxecto Agasallo. No marco deste acordo, a **CTNL seleccionou** mensualmente, grazas ao labor de difusión do proxecto Agasallo, un **lote de produtos que PuntoGal sorteou a través das redes sociais** de Agasallo e da



propia asociación PuntoGal. En total fixéronse **nove sorteos** en 2023, entre os meses de abril e decembro.

No marco desta colaboración, **a CTNL foi convidada por Puntogal** a estar presente no posto desta asociación na **Feira das Culturas Galegas (Culturgal)** que tivo lugar do 1 ao 3 de decembro de 2023 no Pazo da Cultura de Pontevedra. Con este motivo, deseñamos un marcapáxinas con información de contacto da CTNL e dos nosos proxectos LGx15, Agasallo e Premios Mil Primaveras, co fin de repartilo na feira ás persoas que se achegaban ao posto de Puntogal.

- **Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego (<https://milprimaveras.gal/>): finalización da cuarta edición e convocatoria da quinta**

En 2023 resolveuse a cuarta edición dos [Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego](#), e convocouse a quinta. Estes premios creáronse coa finalidade de **valorar, recoñecer e difundir accións, campañas, programas e proxectos que teñen como obxectivo principal o fomento da lingua e a procura do incremento do seu uso e/ou prestixio**. Os obxectivos dos Premios Mil Primaveras son:

- Recoñecer o traballo ben feito no ámbito da normalización lingüística.
- Transmitir unha imaxe positiva do labor de promoción do uso e prestixio da lingua.
- Valorar externamente accións, proxectos ou campañas, seleccionar as mellores e sinalalas como modelos que poden ser imitados.
- Difundir o traballo que se realiza a prol da lingua galega.

Os proxectos premiados na cuarta edición foron os seguintes:

- **Asociación Faladoiros Vigo**

Faladoiros Vigo é unha iniciativa nacida en 2020 co fin de crear **espazos amables de conversa en galego** nun contexto como o da cidade olívica. Tanto



presenciais como en liña, buscan formar comunidade onde poder comunicarse con fluidez e adquirir o costume de falar en galego.

- **Caranvexo TV**

O Concello de Moaña puxo a andar a comezos do ano 2018 o proxecto **Caranvexo TV**, a **televisión escolar de Moaña**, co propósito de desenvolver un recurso de innovación educativa pensado como un proxecto colectivo, participativo e transversal **para dinamizar o uso oral da lingua** a través do audiovisual.

- **Laboratorio de Apoderamento Lingüístico**

O **Laboratorio de Apoderamento Lingüístico (LAB)** é un proxecto piloto de dinamización do uso da lingua e de **xestión do conflito lingüístico**, promovido pola cooperativa Rexenerando en 2022. Integra metodoloxías de innovación social para a **sensibilización sobre a diversidade lingüística** e a abordaxe do conflito lingüístico coa finalidade última de activar unha rede de mozas e mozos comprometidos coa lingua.

- **Na Utopía**

Na Utopía é unha novísima **plataforma de obradoiros en liña integramente en galego** sobre distintos ámbitos creativos, técnicos ou divulgativos. Creouse en 2022 co fin de proporcionar a oportunidade de aprender contidos diversos na nosa lingua fóra dos circuitos formais ou académicos.

O [acto de entrega](#) dos IV Premios Mil Primaveras tivo lugar no Salón de Actos do Pazo da Cultura de Pontevedra o 9 de xuño de 2023, grazas á colaboración do Concello de Pontevedra. O acto conduciuno Sofía Espiñeira, actuación sufragada ao abeiro do programa Pontegal da Deputación Provincial de Pontevedra.

En outubro abriuse a convocatoria da quinta edición destes premios, á cal se presentaron un total de 37 proxectos. Nestes momentos o xurado está constituído e valorando as candidaturas.



En todas as edicións deste premio **colaborou a Deputación Provincial de Pontevedra** a través dunha liña de axudas dirixida a asociacións para desenvolver proxectos de dinamización lingüística.

- **Outras accións**

En agosto de 2023 retomamos a [proposta #veránlingua](#) a través da nosa [conta de Twitter/X](#). Esta acción naceu no verán de 2022 e busca aproveitar o tempo estival para deternos con máis vagar en recursos, publicacións, campañas, vídeos, ferramentas, xogos... de interese para as persoas que traballamos en lingua. Baixo o **cancelo #veránlingua** podemos acceder á escolma das dúas edicións.

En novembro de 2023 enviúselles unha [consulta ás persoas asociadas da CTNL](#). Nela preguntábaselles sobre o web da CTNL, as redes sociais e a participación na asociación. A través da consulta procurábase extraer ideas para actualizar o web, mellorar a comunicación da entidade e estimular a participación das socias e dos socios nas actividades da CTNL.

A enquisa estivo aberta varias semanas e a participación foi escasa, pero extraéronse algúns datos que cómpre valorar con cautela:

- Bótanse en falta máis actualización do web e información sobre recursos e campañas.
- A área privada practicamente non se consulta nin se actualizan os datos dos/das socios/as.
- Recoméndase unha estruturación da información máis intuitiva.
- Aínda que se seguen as redes sociais da CTNL, bótase en falta algunha canle de comunicación máis directa, como por exemplo unha canle de Telegram ou Whatsapp.
- As persoas que responderon a consulta asisten habitualmente a actividades da CTNL e as que non o fan indican que é por falta de tempo.
- Algunhas persoas están dispostas a colaborar en actividades que organiza a CTNL, coma o LGx15 ou a organización dos cursos.



Accións organizativas e de comunicación

- Subiuse a cota dos/das socios/as en 5 euros e quedou en 30 euros anuais a cota xeral e en 20 euros a cota reducida.
- Renovouse o seguro de responsabilidade civil.
- Nas comisións e plataformas de que forma parte a CTNL fixéronse propostas en positivo na procura de conseguir que sexan o máis plurais e representativas posible, e que a través delas se dea voz, participación e protagonismo a persoas e entidades varias e de distinto ámbito e perfil a prol da normalización lingüística. Nestes momentos a CTNL forma parte das seguintes:
 - Comisión Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG)
 - Consello Municipal da Lingua do Concello de Vigo (froito da fusión entre o Consello Social da Lingua e a Comisión Cidadá de Normalización Lingüística, da cal formaba parte a CTNL). Esta entidade non se reuniu durante o ano 2023.
 - Plataforma Queremos Galego
- Mantívose contacto permanente con diversas entidades e colectivos para o intercambio de visións, ideas, propostas etc.
- Renovouse convenio de colaboración coa SXPL para o desenvolvemento de accións normalizadoras, que este ano incluíu o LGx15 e a realización dun curso.
- Solicitouse unha axuda á Deputación Provincial de Pontevedra para a finalización da cuarta edición dos Premios Mil Primaveras e para a convocatoria da quinta.
- Con respecto á **comunicación e visibilidade** da asociación:
 - **Webs:** mantívose actualizado o [web da CTNL](#), onde se anunciaron convocatorias de prazas e axudas, campañas, formación, etc.
 - **Boletín electrónico:** para mandar o boletín emprégase a **plataforma en liña MailChimp**, que permite o envío a un número grande de enderezos electrónicos e mesmo facer un seguimento das mensaxes abertas, que non chegan aos enderezos de destino, etc. Durante o período interasamblear enviáronse aproximadamente **23 boletíns**.
 - Mantívose algunha presenza da CTNL en **medios**, principalmente nos medios dixitais en galego (*Nós Diario, Nós Televisión, Galicia Confidencial, GCiencia,*



Código Cero, Xornal da Coruña...), que recolleron algunha da información que se lles trasladou sobre accións e campañas.

- Continuou a presenza nas **redes sociais**, tanto a través das páxinas e perfís propios da CTNL (Facebook, Twitter, Instagram e YouTube) como das específicas de accións e campañas concretas. Algunhas cifras das redes sociais (actualizadas o 19 de febreiro de 2024):
 - Seguidores/as FB CTNL: aprox. 5300 seguidores/as
 - Seguidores/as Twitter CTNL: 5423 seguidores/as
 - Subscritores/as YouTube da CTNL: 1800 subscritores/as
 - Seguidores/as Instagram CTNL: 614 seguidores/as
 - Seguidores/as FB LGx15: aprox. 2900 seguidores/as
 - Seguidores/as FB Agasallo: aprox. 6700 seguidores/as
 - Seguidores/as Twitter Agasallo: 2909 seguidores/as
 - Seguidores/as Instagram Agasallo: 838 seguidores/as

Proxectos inactivos:

- Seguidores/as FB Como cho digo ;-): aprox. 4200 seguidores/as
- Seguidores/as Twitter Como cho digo ;-): 1960 seguidores/as
- Seguidores/as FB Gústame o galego: aprox. 14 000 seguidores/as
- Seguidores/as Twitter Gústame o galego: 5872 seguidores/as

Directiva da CTNL

Pontevedra, 29 de febreiro de 2024